
INTERFERENCIA E DIFRACCIÓN

OBXECTIVOS

- Analizar os fenómenos de interferencia e difracción empregando un láser.
- Determinar a lonxitude de onda dun láser a partir das medidas dos patróns de difracción.
- Determinación de lonxitudes aplicando os fenómenos de interferencia e difracción (diámetro dun cabelo)

FUNDAMENTO TEÓRICO

Ao redor do ano 1800, Thomas Young realizou un experimento que produciu un fenómeno inexplicable en termos da teoría corpuscular da luz. Observou a imaxe que producía a luz ao pasar primeiro a través dunha fenda e logo a través de dúas fendas moi próximas entre si, unha paralela á outra. Utilizou luz filtrada dun arco de mercurio para asegurase de traballar con luz o máis monocromática posible. Deste xeito Young observou unha serie de áreas iluminadas e escuras, e observou ademais que un certo punto na pantalla iluminábase cando unha das fendas era tapada mentres que se convertía nun punto escuro cando ambas as fendas estaban descubertas. Noutras palabras observou que “luz + luz” ás veces produce unha zona iluminada e outras unha zona escura. Se a luz tivese unha natureza corpuscular, como sostiñan a maioría dos físicos de entón, o fenómeno descuberto por Young non tería unha explicación acertada.


PROCEDEMENTO


a) Medición de λ empregando unha rede de difracción

Usando un láser e unha rede de difracción, pódese determinar a lonxitude λ de onda do seu láser. Para iso, faise incidir o láser sobre a rede calibrada e cunha separación, d , entre liñas coñecida, usando un esquema similar ao indicado na figura. A partir das medicións das posicións do máximo central e a posición dos primeiros máximos de interferencia (primeira e segunda orde), pódese determinar o valor da lonxitude de onda do láser.

$$\frac{y}{D} = \sin \theta_{\max} = m \frac{\lambda}{d}, \text{ onde } (m \in 0; 1; 2; 3 \dots) \quad (\text{para } y \ll D)$$

$$\text{Para } m \neq 0, \quad \lambda = \frac{d \cdot y}{m \cdot D}$$





b) Determinación de lonxitudes usando difracción (espesor dun cabelo)

Faise incidir o raio láser sobre un cabelo e determinase o espesor do cabelo a través do patrón de difracción que se observa. Débense analizar os erros de medición.


Cando a luz láser se fai incidir sobre un cabelo humano, a imaxe de difracción que se obtén é similar á que produce nunha dobre fenda. Existe un máximo principal de difracción fortemente iluminado e aos seus lados, separados por zonas escuras, aparecen outros máximos, chamados secundarios. Os máximos secundarios son moito menos intensos que o principal e por iso apenas se aprecian.



Figura de difracción formada por un cabelo.


Ademais, se nos fixamos no máximo principal, este pode aparecer seccionado nunha serie de zonas brillantes separadas por zonas escuras -máximos e mínimos-. Isto débese a un fenómeno de interferencia producido polos bordos do cabelo, resultando sobrepostas unha difracción e unha interferencia.

Dado que a imaxe de interferencia que se obtén co cabelo humano non é moi definida, fixarémonos só no máximo principal de difracción, e a partir de medidas realizadas sobre el determinarase aproximadamente o diámetro dun cabelo humano.



D é a distancia entre o cabelo e a pantalla. A distancia D debe ser de varios metros. O láser está a apuntar ao cabelo, situado a unha distancia menor dun metro. A imaxe de difracción recóllese na pantalla.

A partir da teoría ondulatoria da luz establécese unha ecuación matemática que relaciona o diámetro do cabelo d , coa distancia entre el e a pantalla D , a lonxitude de onda do láser λ e a distancia L entre os mínimos nulos de intensidade de luz, que limitan a esquerda e dereita o máximo principal de difracción.



De xeito parello ó caso da rede de difracción,

$$y = \frac{L}{2} = \frac{\lambda \cdot D}{d} \Rightarrow d = \frac{2\lambda}{L} \cdot D$$

Como pode resultar difícil determinar esta distancia L , xa que as zonas escuras non aparecen claramente delimitadas, poderíamos determinar a distancia entre un número determinado de mínimos consecutivos e dividir entre o número de intervalos tomados.¹

Poderíase determinar o grosor de diferentes cabelos para obter un valor medio e establecer a incerteza da medición dun pelo ao chou.

Obtención e tratamento de datos:

Distancia, D (m): a mesma para todas as experiencias

Ancho do máximo principal (m)					
Tipo de cabelo					

¹ A determinación resulta mais doada medindo as distancias entre dous mínimos consecutivos.

CUESTIÓN

- Determinar o valor medio do grosor dos cabelos medidos e determinar a súa incerteza, expresando correctamente o resultado do medida.
- Explicar cualitativamente o fenómeno da difracción a partir de datos experimentais.
- Relacionar o grosor do cabelo coa distancia entre mínimos.